

Dende a Trincheira

Introdución.

Sabemos que cada un de nós sofre, padece, goza, e sabe deus que máis, esta situación que estamos a vivir, cada un de nós insisto, de maneira totalmente persoal. Propia e intransferible. Introvertida e extrovertida a partes.

Ás veces apetécenos escondernos e outras todo contrario.

Outras veces apeteceríanos...

Non sabemos que!

Presentamos un proxecto:

Dende a trincheira.

Covid 19

Un autorretrato dende o confinamento.

Botade man da vosa cámara de calquera tipo e fotografarvos como máis vos guste.

Ou debuxarvos... ou caricaturizaros...

Calquera expresión é válida

Tratar de ser orixinais. Propios. Intuitivos. Íntimos.

Con intención e con intuición.

Vós mesmos.

Que vos autorretrate. Que vos sintades identificados coa obra que enviedes.

Podédesvos disfrazar, maquillar, colocarvos unha máscara de entroido, ou unha máscara covid 19 (moi propio); de papel, de tea, con filtro, de soldador, de mergullador, antigás...

Os debuxos ou as fotografías,, poderán ser tal cal saen da máquina ou tratar dixitalmente con calquera aplicación de edición fotográfica de tablet, de teléfono, de computador... e os debuxos ou pinturas, igual.

Montarvos unha escenografía, un ambiente, representar a escena dun cadro famoso, dun libro, dunha fotografía histórica.

...do artista que vos guste, do deportista, do personaxe de ficción que vos cativara...

Podédesvolo pasar xenial, facéndoo.

Botade man de alguén que vos axude.

Todo pode valer.

Que non vos gusta a fotografía ou o debuxo?

pa problème!!

Ponche a escribir.

Un poema.

Un relatito curto.

En inglés, en galego, en alemán...

E se é manuscrito, máis falará de vós. Un caligrama ben currado, un haiku...

Que fale de vós é importante. Vós sodes os protagonistas.

Todos somos protagonistas.

E se fas a **banda sonora** do teu momento?

Unha pequena composición. Un rap...

Desempeña o teu ukelele ou o teu sintetizador. Un audio onde pos canicas a deslizar polas cordas da túa guitarra, ou as golpeas cun atornillador... Aporrea o teclado, recrea o momento...

...e vibrar copas de auga fregándoas coa xema do dedo?

Como te quedas?

...e un **vídeo**?

Buscade en vós.

Hai moitas cousas que se nos pasan pola mente nas que nunca pensáramos, e outras nas que si, pero déronse a volta.

Ou non.

Se cadra todo segue igual. Quen o sabe.

Animarvos a participar. Sería moi chulo que se temos material, podamos pensar nunha exposición coas mellores obras e montalas á volta, o ano que vén. Ou mesmo a edición manual duns cuantos exemplares editados desde informática e encadernados polos alumnos de plástica de 4' de ESO. Ou editar un vídeo.

Xa veremos

Un testemuño covid 19.